CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	80%		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	80%		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	80%		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	80%		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	80%		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	80%		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	80%		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	80%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz</li> </ul>

## Contidos

- común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
12	LECTIO DVODECIMA	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	90%	PE	40
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	90%		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	90%		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	90%		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	80%	TI	60
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	80%		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	80%		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	80%		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	80%		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	80%		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	70%		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	60%		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	80%		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	80%		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	80%		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do</li> </ul>

## Contidos

- repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.
- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.
- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.
- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.
- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia debe resultar moi novidosa para os alumnos deste curso, polo que basearemos a nosa metodoloxía na ancoraxe cos coñecementos previos dos alumnos, sobre todo no que se refire ós contidos lingüísticos. Pretendemos que o estudo do latín lles sirva ós rapaces para consolidar o aprendido a través dos seus anos de traballo sobre as linguas actuais, particularmente as romances. Deste xeito será moito máis doado aprehender os novos coñecementos e, de xeito recíproco, poderán rematar de asimilar os anteriores:

Para introducir a materia, pretendemos encher a vista e o oído dos alumnos con manifestacións culturais nas que o latín ten sido protagonista na historia de Europa ata case o s. XIX e con outras que aínda continúan a estar viventes, aínda que, xustamente por ser os alicerces da nosa cultura, moitas veces pasan desapercibidos. Procuraremos, polo tanto, espertar nos alumnos a consciencia de elementos culturais que xa coñecen.

Ó falar da evolución lingüística, comezaremos por presentar ós alumnos imaxes e textos sobre a evolución humana e

os movementos migratorios que, de xeito incesante, teñen configurado as diferentes civilizacións, sobre todo as que están na base da nosa cultura occidental. A seguir, os alumnos verán exemplos de diversas linguas para seren conscientes da multiplicidade de idiomas que hai no mundo. A mesma estratexia hemos usar cando abordemos o tema das linguas romances, pedíndolles que intenten comprender os textos a partir da comparación co galego e o castelán. Dentro do mesmo concepto, presentaremos diversas variantes cronolóxicas e de rexistro tanto de galego como de castelán e latín, para que os alumnos sexan conscientes das diferentes facetas que pode presentar un idioma sen por iso perder a súa identidade. Finalmente, empregaremos un esquema no que figuren os principais grupos da familia indoeuropea para ver cántos e cales son quen de identificar a través das linguas individuais que os forman.

Para rematar os contidos referentes á reflexión sobre a diversidade das linguas e a evolución das mesmas, leremos varios textos (en versión orixinal coa tradución ó seu carón) de autores latinos sobre temas lingüísticos co obxecto de contrastar a súa perspectiva sobre o feito da linguaxe coa que temos na actualidade.

A sección dedicada á evolución fonética comezará cunha presentación de varios textos en diferentes linguas das que manexan a cotío para que os lean e reflexionen sobre cómo se pronuncian, para comprobar a fidelidade da escrita respecto da realización oral da lingua. Tamén se ofrecerán palabras de uso cotián consideradas como “erros” pero que xa están moi integradas na súa fala de todos os días. Continuaremos coa proposta dunha batería de palabras latinas para que os rapaces matinen en cales poden ser os seus resultados actuais en galego e castelán, diferenciando entre palabras cultas e patrimoniais. A mesma estratexia se aplicará no campo da etimoloxía, para así podermos comprobar cómo non só mudou a materia sónica das palabras latinas, senón tamén o seu significado e/ou referente na súa viaxe cara as nosas linguas. Finalmente, aportaremos o cadro fonolóxico de latín, galego e castelán, co obxecto de comentarmos as diferenzas e explicar algunhas das evolucións fonéticas máis rechamantes.

No campo da formación de palabras, o máis sinxelo será traballar sobre unha serie de palabras para que os rapaces comprobem a súa estrutura lexema-morfema, cuidando de que distingan ben entre morfemas léxicos e gramaticais. Asemade, veremos exemplos de linguas aillantes e aglutinantes, co fin de abrir os ollos ós estudantes sobre o variable da tipoloxía lingüística.

Ó falarmos doutro xeito de pervivencia actual do latín, amosaremos ós alumnos un conxunto de expresións latinas de uso actual para ver se as coñecen e as saben empregar correctamente nun contexto. As aclaracións do profesor completarán, como sempre, esta actividade.

No apartado do curso dedicado á Xeografía do Imperio Romano, os instrumentos principais serán mapas, onde indicaremos ós rapaces a intentar situar provincias e cidades do Imperio Romano, sempre para que relacionen os nomes antigos cos actuais e así ver semellanzas e diferenzas (e as súas causas, na medida en que o tempo o permita).

No eido histórico, ademais de táboas cronolóxicas, solicitaremos dos alumnos a realización dun traballo en equipo sobre algúns personaxes concretos da historia de Roma: deberán averiguar a trascendencia que eses persoeiros tiveron na evolución do Imperio, e dese xeito achegarse dunha forma amena á Historia Antiga. Tamén leremos textos dos historiadores romanos máis sobranceiros, sobre todo Livio e Tácito.

Incluirase tamén por parte do profesor unha presentación en diapositivas sobre anécdotas da historia romana, para a que as fontes fundamentais serán Suetonio e Valerio Máximo, dos que tamén poderemos ler textos.

As institucións romanas serán abordadas desde o punto de vista das actuais que manifestan algunha herdanza delas. A través da análise de sistemas de goberno actuais estableceremos comparacións cos romanos, presentados a partir de táboas esquemáticas.

A partir dos ritos relacionados coas crenzas máis estendidas na nosa sociedade, relacionadas coa relixión católica, achegarémonos ó sistema de crenzas vixente durante a Antigüidade romana, para vermos que máis dun dos seus elementos seguen vixentes, aínda que non o pareza. Así pois, entraremos en contacto con este eido da Roma antiga tanto por semellanza como por contraste.

Como complemento da visión do mundo romano que vimos dando nestes últimos apartados, inclúese en cada Unidade Didáctica o visionado de fragmentos non significativos da serie Roma por cada Unidade Didáctica. Sobre esta actividade os rapaces deberán elaborar pequenos traballos de investigación sobre eidos da Historia e a vida dos antigos romanos que aparezan reflectidos nos devanditos fragmentos.

Resulta moi importante na formación cultural dunha persoa a valoración do patrimonio arqueolóxico: esta será tratada a través de exemplos de restos da Antigüidade en diferentes estados de conservación, para que así os rapaces comprendan a necesidade de coidar os testemuños do pasado. Todo isto completárase cunha presentación sobre a arqueoloxía romana en todo o territorio do Imperio, con especial atención a Hispania e Gallaecia.

O outro apartado estritamente lingüístico do curso é o relativo ó funcionamento da lingua latina. Para principialo, presentaremos ós alumnos diferentes secuencias en diversas linguas que se escriben co alfabeto latino: así decatáranse que un mesmo sistema de escritura serve, con obrigadas adaptacións, para varios idiomas. A seguir, expoñeremos ós rapaces unha sucinta historia do alfabeto latino, rematando a exposición co valor fónico de cada unha das letras, resaltando tanto as semellanzas como as diferenzas co uso do mesmo código en galego e castelán.

A morfosintaxe do latín abordárase inicialmente desde o concepto de caso, para o que partiremos da análise

sintáctica de secuencias en galego en castelán, de complexidade progresiva, aínda que non excesiva (agardamos). Tamén empregaremos exemplos de linguas casuais diferentes do latín, co que comprenderán que é un dos xeitos posibles que os idiomas teñen para expresar as relacións gramaticais. Por suposto, esta sección rematará co elenco dos casos latinos, as funcións que desenvolven, e os paradigmas das cinco declinacións. Cunha estratexia semellante, a flexión verbal será tratada a partir do que xa coñecen das linguas que estudian (e algunhas outras que non). Trátase de que identifiquen desinencias persoais e morfemas de modo e tempo, para logo observar a mesma realidade no latín. Os tempos verbais que se traballarán serán o presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo da conjugación regular e do verbo sum; tamén prestaremos atención, aínda que superficial, ó infinitivo e ó participio. Como é lóxico, a cláusula e os seus constituíntes tocaranse a partir da análise de exemplos galegos e casteláns, nos que veremos detidamente de qué xeito se expresan as funcións sintácticas que en latín se plasman mediante casos e preposicións.

Todo o aprendido da gramática latina será posto en práctica na análise e tradución de cláusulas simples e compostas. Finalmente, e aínda que o latín xa non se fala no estado no que se atopaba na época de vixencia do Imperio Romano, durante todo o curso citaremos ós rapaces a que intenten expresarse en latín a través do vocabulario que vaian adquirindo e tamén mediante un traballo no que se partirá do galego e o castelán: os alumnos reflexionarán sobre as nosas expresións máis usuais e, a partir delas, intentarán averiguar como podían ser en latín.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
In Latinitatem

A ferramenta básica da materia é o libro de texto de elaboración propia In Latinitatem, que se entrega ós alumnos en encadernación espiral de xeito gratuíto. Acompañando este libro, empréganse como apoio para as explicacións abondosas presentacións dixitais en diferentes formatos. Ademais, e como xa temos mencionado en varios lugares nesta Programación, contaremos cun espazo de elaboración propia na plataforma Edixgal, onde estarán dispoñibles todos os materiais traballados, e tamén algún outro. Ademais, no libro In Latinitatem aparecen inseridos, en cada Unidade Didáctica, un número de códigos QR, que facilitan, mediante un dispositivo móbil, o acceso a varios recursos dun espazo que tamén temos desenvolvido na Aula Virtual do noso Centro.

Indicamos tamén que, segundo o reparto de idiomas cooficiais realizado no Centro, a materia de Latín de 4º ESO impártese en castelán, e nese idioma está o material que se subministra ós alumnos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Os alumnos observarán a proxección da presentación Quare lingua Latina? (Por que a lingua latina?), na que se expoñen unha multitude de eidos nos que o latín ten sido protagonista, no seu papel de vehículo de expresión da cultura europea ó longo de varios séculos. Despois da proxección, os rapaces deberán realizar un exercicio no que se lle pedirá que desenvolvan os seguintes aspectos:

- Exposición dos eidos nos que a lingua latina ten funcionado como vehículo cultural.
- A ese mesmo respecto, distinción entre os aspectos da exposición que xa coñecían e os que descoñecían.
- Expresión dunha opinión persoal razonada sobre a importancia relativa do latín na conformación da cultura occidental.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	41	33	19	46	44	44	44	44	44	44
<b>Táboa de indicadores</b>	59	67	81	54	56	56	56	56	56	56

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	33	40	<b>40</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	67	60	<b>60</b>

#### **Criterios de cualificación:**

A nota de cada trimestre outorgarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

1. Nota do(s) exame(s): 70%

No caso de que un alumno/a falte a un exame final de avaliación posto pola Dirección só se xustificará no caso de enfermidade ou deber inexcusable. Farase o exame de recuperación desa proba nas datas fixadas polo Departamento.

**IMPORTANTE:** No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

2. Exercicios e traballos, incluíndo os Cuestionarios da Aula Virtual: 30%

**IMPORTANTE:** Por cada día de retraso na entrega dos exercicios e traballos aplicarase un desconto de 0,2 puntos sobre a súa cualificación

#### **Criterios de recuperación:**

Cos alumnos que vaian amosando dificultades na asimilación dos contidos poremos en práctica unha estratexia de atención personalizada, sempre en contacto cos tutores, para poder axudalos a alcanzar as capacidades mínimas: encargáremoslles exercicios concretos para insistir nos aspectos nos que sufran máis atrancos, incluíndo ademais a dispoñibilidade para asesoralos mediante a asistencia nos recreos e/ou a través de EdixGal e/ou correo electrónico (murosenlatin@gmail.com).

Con todo, ó final de curso establecerase unha valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Se o trimestre suspendido é un dos dous primeiros, poderanse considerar superados obtendo un aprobado no trimestre final.

2. Se os trimestres suspendidos son dous ou o trimestre final (aínda que sexa este só), o alumno deberá realizar unha derradeira proba cos contidos relativos ó(s) trimestre(s) non superados.

3. A nota final de curso establecerase mediante o sistema de media ponderada: as notas dos dous primeiros trimestres terán un valor do 30% da nota final cada un, mentres á nota do terceiro trimestre se lle atribuirá un valor do 40%.

Para o alumnado que, unha vez computadas e ponderadas as cualificacións das tres avaliacións, non supere o mínimo esixido, prevese a realización dunha proba final, no que cada alumno será examinado dos conceptos e contidos correspondentes a cada un dos trimestres non superados. A cualificación mínima requirida para superar esa proba será de 4,51.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A data de hoxe, non temos noticia de que entre os alumnos con materias a cargo deste Departamento existan casos que requiran atención á diversidade. Con todo, e como dicíamos ó falar da avaliación, permaneceremos atentos ás dificultades de comprensión que poidan aparecer. Deste xeito, en contacto cos tutores e o Departamento de Orientación, habemos artellar estratexias para solucionar os problemas que se presenten. Como norma xeral, ofreceremos un apoio extra ós alumnos que así o desexen durante os recreos, para consultar calquer dúbida relacionada coa materia, así como para propoñer outro tipo de traballo que axude á adquisición dos contidos mínimos do curso do alumnado en cuestión.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación medioambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para o consumo	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de oportunidades	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación medioambiental	X	X	X	X
ET.2 - Educación para o consumo	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade de oportunidades	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X

#### Observacións:

Os temas transversais nos que nos centraremos preferentemente son aqueles que consideramos como máis susceptibles de vehicular unha educación en valores que contribúa positivamente na formación persoal do alumno. Este tipo de labor terá lugar durante todo o curso escolar, xa que teremos a ocasión de tocar diferentes temas que non forman parte explicitamente dos contidos desta materia, pero que si son inseparables dela no sentido de que, cando falamos, sexa nunha lingua ou outra, falamos sempre dos feitos ou acontecementos que rodean á nosa vida cotiá, que é fonte de tódolos temas transversais que poderemos atopar

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de Teatro Clásico da SEEC	Posibilidade de asistir a algunha representación de comedia ou traxedia		X	
Participación no concurso Odisea da SEEC	Ofreceráse ó alumnado a posibilidade de participar		X	
Exposición de material relacionado coa Antiga Roma	Exposición de obxectos da vida cotiá da Antiga Roma (posibilidade, en colaboración do Dpto. de Xeografía e Historia)			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ver recadro inferior
Clima de traballo na aula
Ver recadro inferior

### Descrición:

A) Adecuación da Programación Didáctica e a súa planificación:

- 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? 1 2 3 4
- 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe? 1 2 3 4
- 3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física? 1 2 3 4
- 4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? 1 2 3 4
- 5.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? 1 2 3 4
- 6.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación? 1 2 3 4

B) Clima de traballo na aula:

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado 1 2 3 4
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? 1 2 3 4
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade? 1 2 3 4
- 4.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar? 1 2 3 4
- 5.- Intercálase o traballo individual e en equipo? 1 2 3 4
- 6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? 1 2 3 4
- 7.- Incorporáanse as TIC ós procesos de ensino - aprendizaxe? 1 2 3 4
- 8.- Ofrécese ó alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc? 1 2 3 4
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc? 1 2 3 4



## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Contémplanse os seguintes mecanismos para cada avaliación:

MECANISMOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA

- 1 - O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e á temporalización previstas. 1 2 3 4
- 2 - Adecuación do plan de seguimento de alumnado pendente. 1 2 3 4
- 3 - Adecuación das probas, traballos... tendo en conta o valor de cada estándar. 1 2 3 4
- 4 - Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. 1 2 3 4
- 5 - Adecuación do traballo por competencias durante o trimestre. 1 2 3 4
- 6- Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación 1 2 3 4
- 7 - Valorouse na cualificación o traballo diario na aula. 1 2 3 4
- 8 - Informouse ao alumnado do proceso de recuperación. 1 2 3 4
- 9 - Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado. 1 2 3 4
- 10 - Incorpóranse medidas de reforzo, ampliación... atendendo a diversidade do alumnado. 1 2 3 4
- 11 - Todo alumnado recibe as explicacións individualizadas que precisa. 1 2 3 4
- 12 - Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. 1 2 3 4
- 13 - Combínase o traballo individual e en equipo. 1 2 3 4
- 14 - Na revisión dos exames, traballos... coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da súa corrección. 1 2 3 4
- 15 - Incorpóranse estratexias de animación á lectura. 1 2 3 4

## 9. Outros apartados